

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 27 de abril de 2006**

Orde do Día dos asuntos a tratar na SESIÓN PLENARIA ORDINARIA, que se celebrará o vindeiro xoves, día 27 de abril de 2006, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Central-Actas

1.- Aprobación da acta anterior, nº 4/06, correspondente á sesión celebrada o día 30 de marzo de 2006.

2.- Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 3.795 á nº 6.847.

Economía, Facenda e Especial de Contas

3.- Dar conta da concertación do préstamo por importe de 9.500.000,00 euros, para o financiamento do Plan de Obras e Servizos (POS) 2006.

Cooperación e Asistencia a Municipios

4.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Casa da Cultura de Olveira, pl.” do Concello de Dumbría incluída con carácter plurianual no POL adicional 1/ 2004 e POL 2005. Código 04.2301.0145.0.

Plans Especiais, Contratación e Equipamento

5.- Expediente de desafectación de parte do edificio “A Milagrosa” para a ampliación do Centro Xerontolóxico e iniciación de trámites para a cesión de uso (4ª cesión).

Infraestruturas Viarias: Vías e Obras provinciais

6.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dean lugar as obras incluídas no proxecto da E.P. 0205 Bertamiráns á Ramallosa, p.k. 0,00 ao 3,13.

7.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dean lugar as obras incluídas no proxecto de travesía da E.P. 7803 Santiago a Figueiras, p.k. 3,52 ao 4,00.

8.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dean lugar as obras incluídas no proxecto de travesía na E.P. 7804 de Val do Dubra a Santiago, p.k. 21,20 a 21,71.

9.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dean lugar as obras incluídas no proxecto de ampliación e mellora na E.P. 2404 A Laracha á Silva por Golmar, p.k. 5,900 ao 11,850 (A Laracha e Cerceda).

10.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dean lugar as obras incluídas nos proxectos incluídos no Plan primeira relación do plan de vías provinciais 2006-2008.

ampliación e mellora da E.P. 2404 A Laracha á Silva por Golmar, p.k. 11,850 ao 13,710 (Cerceda).

11.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dean lugar as obras incluídas no proxecto da obra ampliación e mellora do trazado na E.P. 0906 do p.k. 14,650 ao 20,550 (Paderne e Betanzos).

12.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dean lugar as obras incluídas nos proxectos incluídos no Plan primeira relación do plan de vías provinciais 2006-2008 no que se inclúe o proxecto de execución da obra ampliación e mellora do trazado da E.P. 0906 do p.k. 20,55 ao 23,60 (Betanzos).

13.- Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dean lugar as obras incluídas nos proxectos incluídos no Plan primeira relación do plan de vías provinciais 2006-2008 ampliación e mellora do trazado da E.P. 0106 de Ameás a Oza dos Ríos tramo p.k. 8,600 ao 14,700 (Abegondo e Oza dos Ríos).

14.- Aprobación técnica dos proxectos que integrará a sétima relación do Plan de vías provinciais 2006-2008 de acordo co programa de investimentos de vías provinciais 2006-2008 das obras de ensanche, mellora de trazado e afirmado da E.P. 0603 de Boimorto ao Orxal pola Mota, p.k. 1,300 ao 10,400 (Boimorto e Arzúa), ampliación e mellora da plataforma peonil na E.P. 5303 de Muros a Louro, p.k. 1,150 ao 3,150 (Muros) e ensanche e mellora do trazado e afirmado da E.P. 1707 de Oleiros a Pravio, p.k. 0,000 ao 1,500.

15.- Desestimación da alegación, referente á aprobación do Programa de investimentos de vías provinciais 2006-2008 da obra construción da variante entre o p.k. 1,750 e o p.k. 2,450 da E.P. 9302 de Caxadas a Bañas (Vimianzo).

Deportes, Xuventude e Medio Ambiente

16.- Axudas aos concellos para o mantemento dos Grupos Municipais de Intervención Rápida.

Promoción Económica, Emprego e Turismo

17.- Modificación dos Estatutos da Fundación que xestiona a Axencia Enerxética provincial da Coruña (FAEPAC).

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 27 DE ABRIL DE 2006

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 27 de abril de 2006, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar sesión **ordinaria** .

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR:

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA BNG

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ LUIS ARMADA CASTRO	PSOE
DON XAIME BELLO COSTA	BNG
DON MANUEL CAAMAÑO LOURO	PP
DON FRANCISCO ANTONIO CANDELA CASTRILLO	PSOE
DOÑA SOCORRO CEA VÁZQUEZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON GERMÁN DIZ ARÉN	PSOE
DON JOSÉ FERREIRO PARDIÑAS	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DONA RAQUEL JABARES FERNÁNDEZ	BNG
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON EDUARDO LAMAS SÁNCHEZ	PP
DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO	PP
DON JOSE MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP
DON RAMÓN QUINTÁNS VILA	PSOE
DON ERNESTO RIEIRO OREIRO	PP
DON ALEJANDRO RODRÍGUEZ LEMA	PSOE
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP

DONA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Escúsase o Sr. Campo Fernández.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas, o Sr. Secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, Nº 4/06, CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O DÍA 30 DE MARZO DE 2006.

Apróbase a acta anterior, nº 4/06, correspondente á sesión celebrada o día 30 de marzo de 2006.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 3.795 Á Nº 6.847.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 3.795 á nº 6.847.

3.- DAR CONTA DA CONCERTACIÓN DO PRÉSTAMO POR IMPORTE DE 9.500.000,00 EUROS, PARA O FINANCIAMENTO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2006.

Dáse conta a Corporación da concertación do préstamo por importe de 9.500.000,00 euros, para o financiamento do Plan de Obras e Servizos (POS) 2006.

4.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “CASA DA CULTURA DE OLVEIRA, PL.” DO CONCELLO DE DUMBRÍA INCLUÍDA CON CARÁCTER PLURIANUAL NO POL ADICIONAL 1/ 2004 E POL 2005. CÓDIGO 04.2301.0145.0.

INTERVENCIONS

Sr. Torres Colomer

En primeiro lugar, en nome do Grupo Popular, que eu creo que é extensíbel a toda a cámara, felicitar á deputada dona Socorro Cea por dar a luz ese fermoso neno. E dicirlle, Sr. Presidente, que imos votar o resto dos puntos, do 4 até o 17 inclusive, algúns son reformados sen problema ningún; outros de puro trámite, e outros, por suposto, que é o 16, de apoio aos concellos neste caso para as funcións dos GMIR, dese equipo de rapazas e rapaces que están a facer un labor importante; por suposto imos votar a favor, e agradecer a postura da Deputación, concretamente neste punto. Pero quería deixar unha cousa no aire, que non ten nada que ver directamente con isto, pero si indirectamente: que se corren rumores que é posíbel que onde hai parques de bombeiros que poidan desaparecer estes grupo de intervención rápida, ou GMIR, e polo tanto a postura do Grupo Popular é que entendemos que aínda que haxa parques de bombeiros débense manter os grupos de intervención rápida, porque as funcións son diferentes por completo, aínda que poden coincidir nalgún momento, a función do GMIR é diferente da dos bombeiros nos respectivos parques.

Polo tanto, insistir, votamos a favor de todos os puntos restantes, pero deixar ese apoio aos grupos de intervención rápida, se é verdade ese rumor que está a correr de que poden desaparecer alí onde están a funcionar os parques de bombeiros a través do Consorcio Xunta-Deputación.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Visto o proxecto reformado da obra “Centro social cultural Olveira, pl.” do Concello de Dumbría incluída con carácter de plurianual no POL Adicional 1/2004 e POL 2005, código: 04.2301.0145.0, que foi presentado polo director das obras e que representa un incremento no seu orzamento de contrata.

Vistos os informes técnicos emitidos, así como o informe da Unidade de Plans, do Servizo de Patrimonio e Contratación que conforma o secretario xeral e do Servizo de Fiscalización que tamén subscribe o interventor, aos que se incorporou o Decreto da Alcaldía do Concello de Dumbría relativo á aprobación do proxecto reformado, así como o informe complementario do técnico director das obras aclaratorio das modificacións introducidas.

Considerando que se pon de manifesto na nova documentación presentada, que as modificacións responden a causas de interese público e completan ou melloran a obra proxectada inicialmente.

1º.- Aprobar por un importe total de 674.288,04 € o proxecto reformado da obra “Centro social cultural Olveira, pl.” do Concello de Dumbría incluída con carácter de

plurianual no POL Adicional 2/2004 e POL 2005, código: 04.2301.0145.0 que foi aprobado mediante acordo plenario adoptado o día 17 de setembro de 2004.

2º.- Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento debido ao incremento experimentado no presuposto do proxecto reformado que representa a cantidade de 111.795,41€ a prezos de contrata, sendo de 87.088,62 € a prezos de adjudicación. O incremento finánciao integramente a Deputación (código: 05.2300.0145.1).

Con isto os datos de financiamento total da obra quedan como segue:

“Centro social cultural Olveira, pl” (Concello de Dumbria)					
	Orzamento proxecto inicial a prezos de contrata			Orzamento reformado a prezos de contrata	Incremento
	Anualidade 2004 04.2301.0145.0	Anualidade 2005 05.2300.0145.0	TOTAL INICIAL		05.2300.0153.1
Deputación f.p.	84.104,59	64.123,45	148.228,04	260.023,45	111.795,41
Estado	38.812,85	29.591,89	68.404,74	68.404,74	-0
FEDER	196.240,88	149.618,97	345.859,85	345.859,85	0
TOTAL	319.158,32	243.334,31	562.492,63	674.288,04	111.795,41

3º.- Dispoñer a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e á Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, para os efectos dispostos no art. 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado e no art. 9 do RD 835/2003 do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado ós investimentos das entidades locais.

5º.- Remitirlle o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista nos art. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia.

6º.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentaran reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o presente expediente.”

5.- EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN DE PARTE DO EDIFICIO “A MILAGROSA” PARA A AMPLIACIÓN DO CENTRO XERONTOLÓXICO E INICIACIÓN DE TRÁMITES PARA A CESIÓN DE USO (4ª CESIÓN).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar inicialmente o expediente de alteración da cualificación xurídica de parte do edificio de “A Milagrosa”, para a súa cualificación como ben patrimonial. En concreto, a superficie total que se ha desafectar, para ser posteriormente cedida, é de 98.90 metros cadrados na planta soto.

2.- Expoñer, para efectos de eventuais reclamacións, o citado expediente a información pública durante o prazo dun mes contado dende a publicación no BOP, entendéndose definitivamente aprobado se aquelas non se producisen.

3.- Iniciar o expediente de cesión de uso á U.D.P. cesión nos mesmos termos ca inicial, todo condicionado á aprobación definitiva do expediente de alteración da cualificación xurídica do ben, non sendo necesario incorporar os documentos a que se refire o artigo 110 do Regulamento de bens por telos xa presentados con ocasión da cesión inicial.”

6.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEAN LUGAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DA E.P. 0205 BERTAMIRÁNS Á RAMALLOSA, P.K. 0,00 AO 3,13.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Dar por cumprida a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para executar as obras incluídas no proxecto E.P. 0205 BERTAMIRÁNS Á RAMALLOSA, PK. 0,00 AO 3,13 (código da obra 0511300008.0) (código do proxecto de gastos 2005P0017)

2.- Ratificar a solicitude de declaración de “urxente ocupación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tales como:

- A existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada.
- O estado do firme da estrada.
- O proxecto abrangue un tramo da E.P. 0205 descolgado da traza principal debido a unha mellora de trazado efectuada anteriormente quedando como estrada de acceso a núcleos veciñais do lugar.
- O ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos. A estrada conta cunha plataforma pavimentada con aglomerado asfáltico cun ancho medio de 5,4 metros sen beiravías, definidos nin marcas viarias, e realizarase un ensanche da calzada a 6 metros de ancho, cunha beiravía de 20 cm. a cada lado e unhas beirarrúas de 1,80 metros de ancho.

- A intensidade media do tráfico.
 - A perigosidade para os peóns tendo en conta que a zona se encontra bordeada por edificacións e cerres de parcelas, unido á estreiteza nalgúns zonas, resultando nalgúns lugares imposible encaixar unhas beirarrúas adecuadas, de 1,80 metros de ancho, de conformidade coa lei de accesibilidade sen afectar ás edificacións existentes e condicionado á súa vez o número de prazas de aparcadoiro que se ha construír na travesía
 - Proporcionar maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos.
- Todo isto coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

7.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEAN LUGAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE TRAVESÍA DA E.P. 7803 SANTIAGO A FIGUEIRAS, P.K. 3,52 AO 4,00.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Dar por cumprida a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para executar as obras incluídas no proxecto TRAVESÍA NA E.P. 7803 SANTIAGO A FIGUEIRAS P.K. 3,52 AL 4,00 (0511300007.0) (código de proxecto de gastos 2005P0015)

2.- Ratificar a solicitude de declaración de “urxente ocupación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tales como:

- O obxecto do proxecto é a urbanización da travesía pola súa marxe dereita até a Igrexa de Santa María de Figueiras coa conseguente pavimentación de beirarrúas, execución de redes de recollida de pluviais, saneamento, abastecemento e iluminación pública.
- A perigosidade para os peóns tendo en conta que a zona se encontra bordeada por edificacións e cerres de parcelas, unido á estreiteza nalgúns zonas e a presenza da igrexa de Santa María de Figueiras.
- Proporcionar maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos.
- É tamén importante indicar a alta densidade de vivendas e os cerres que separan os predios da calzada. O recuamento destes cerres é variábel de 6 a 8 metros dende o eixe da calzada, dado que non todos eles se adaptaron ao novo aliñamento.
- Acometerase en ensanche da semicalzada dereita entre os 4 metros actuais até os 6,50 nas zonas onde se poidan realizar aparcadoiros.
- A intensidade media do tráfico.

Todo isto coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

8.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEAN LUGAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE TRAVESÍA NA E.P. 7804 DE VAL DO DUBRA A SANTIAGO, P.K. 21,20 A 21,71.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Dar por cumprida a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para executar as obras incluídas no proxecto TRAVESÍA NA E.P. 7804 DE VAL DO DUBRA A SANTIAGO P.K. 21,20 A 21,71 (0511300013.0) (código de proxecto de gastos 2005P0016)

2.- Desestimar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados.

Formúlanse cuestións que no seu caso deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente expropiatorio (levantamento de actas previas, bens afectados) e polo que respecta á modificación de aliñamentos e trazados procede a súa desestimación por ser extemporánea e ademais porque tecnicamente queda xustificada a mellor adecuación do proxecto aprobado por esta Deputación provincial, por axustarse á normativa de accesibilidade de minusválidos.

3.- Ratificar a solicitude de declaración de “urxente ocupación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tales como:

- a travesía presenta dous puntos singulares:

* o P.K. 0,280 coa presenza da igrexa da Peregrina, que constitúe o punto central desta actuación non sendo demasiado importante a densidade de vivendas a ambos lados da igrexa

* no P.K. 0,850 cómpre ampliar o pontón sobre o río Sarela para permitir o ensanche da plataforma e a construción de beirarrúas.

- é tamén importante indicar a alta densidade de vivendas sobre a MD e que se presenta nos perfís 0,000 e 0,300 e entre 0,500 ao 0,675 os cerres de bloque separan os predios da calzada.

- o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos. A estrada conta cunha plataforma pavimentada con aglomerado asfáltico cun ancho medios de 5,5 e 6,5 metros sen beiravías e realizárase o ensanche da calzada de dúas formas:

* sen aparcadoiro: até alcanzar un ancho total de 7 metros que permita o establecemento de dous carrís de circulación de 3,5 m. con beiravías de 20 cm.

* Con aparcadoiro: até alcanzar un ancho total de 12 metros, dous carrís de 3,5 e aparcadoiros de 2,5 metros a 6 metros de ancho, cunha beiravía de 20 cm. a cada banda e unhas beirarrúas de 1,80 metros de ancho.

- as beirarrúas terán un ancho de 1,80 metros.
- a intensidade media do tráfico.

- a perigosidade para os peóns tendo en conta que a zona se encontra bordeada por edificacións e cerres de parcelas, unido á estreiteza nalgunhas zonas e a presenza da igrexa da Peregrina.

- Proporcionar maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos.

Todo isto coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

9.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEAN LUGAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA NA E.P. 2404 A LARACHA Á SILVA POR GOLMAR, P.K. 5,900 AO 11,850 (A LARACHA E CERCEDA).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Dar por cumprida a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para executar as obras incluídas no proxecto AMPLIACIÓN E MELLORA DA E.P. 2404 A LARACHA Á SILVA POR GOLMAR, P.K. 5,900 A 11,850 (LARACHA E CERCEDA)

2.- Ratificar a solicitude de declaración de “urxente ocupación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tales como:

- a existencia de gran cantidade de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada. Como norma xeral proxectouse o trazado cun radio mínimo de 80 metros.
- o estado do firme da estrada.
- o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, sendo o ancho medio da calzada de 5,45 metros e cunha carencia total de beiravías. Proxéctase un ancho de calzada de 7 metros (2 carrís de 3,50) e beiravías de 1 m. cada un.
- a intensidade media do tráfico que aumentou nos últimos anos.
- a existencia de camiños e estradas que acceden con interseccións mal acondicionadas e perigosas. Acondicionaranse coa fin de dotalas de maior visibilidade.

- Proporcionar maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos, tendo en conta que había unha carencia total de beiravías e se proxectan beiravías de 1 metro cada un. Todo isto coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

10.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEAN LUGAR AS OBRAS INCLUÍDAS NOS PROXECTOS INCLUÍDOS NO PLAN PRIMEIRA RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 AMPLIACIÓN E MELLORA DA E.P. 2404 A LARACHA Á SILVA POR GOLMAR, P.K. 11,850 AO 13,710 (CERCEDA).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Dar por cumprida a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para executar as obras incluídas no proxecto AMPLIACIÓN E MELLORA DA E.P. 2404 A LARACHA Á SILVA POR GOLMAR, P.K. 11,850 A 13,710 (CERCEDA)

2.- Ratificar a solicitude de declaración de “urxente ocupación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tales como:

- a existencia de gran cantidade de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada. Como norma xeral proxectouse o trazado cun radio mínimo de 80 metros.
- o estado do firme da estrada.
- o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos e cunha carencia total de beiravías e de beirarrúas na zona urbana. Proxéctase un ancho de calzada de 7 metros (2 carrís de 3,50) e beiravías de 1 m. cada un.
- a intensidade media do tráfico que aumentou nos últimos anos.
- a existencia de camiños e estradas que acceden con interseccións mal acondicionadas e perigosas. Acondicionaranse coa fin de dotalas de maior visibilidade.
- Proporcionar maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos, tendo en conta que na zona urbana carece de beirarrúas.

Todo isto coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

11.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEAN LUGAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DA OBRA AMPLIACIÓN E MELLORA DO

TRAZADO NA E.P. 0906 DO P.K. 14,650 AO 20,550 (PADERNE E BETANZOS).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Dar por cumprida a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para executar as obras incluídas no proxecto AMPLIACIÓN E MELLORADO DO TRAZADO DA E.P. 0906 DO P.K. 14,650 A 20,550 (PADERNE E BETANZOS)

2.- Desestimar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados.

Formúlanse cuestións que no seu caso deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente expropiatorio (levantamento de actas previas, bens afectados) e polo que respecta á modificación de aliñamentos e trazados procede a súa desestimación por ser extemporánea e ademais porque tecnicamente queda xustificada a mellor adecuación do proxecto aprobado por esta Deputación provincial, por axustarse á normativa de accesibilidade de minusválidos.

3.- Ratificar a solicitude de declaración de “urxente ocupación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tales como:

- a existencia de gran cantidade de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada. Como norma xeral reducíronse aliñamentos e ampliando o radio mínimo a 80 metros. Todo isto tendo en conta as dificultades orográficas do terreo.

- o estado do firme da estrada.

- o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, sendo o ancho medio da calzada de 5,45 metros e cunha carencia case xeral de beiravías. Proxéctase un ancho de calzada de 7 metros (2 carrís de 3,50) e beiravías de 1 m. cada un.

- a intensidade media do tráfico que aumentou nos últimos anos.

- a existencia de camiños e estradas que acceden con interseccións mal acondicionadas e perigosas. Acondicionaranse coa fin de dotalas de maior visibilidade.

- proporcionar maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos, tendo en conta que na zona urbana carece de beirarrúas.

Todo isto coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

12.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEAN LUGAR AS OBRAS INCLUÍDAS NOS PROXECTOS INCLUÍDOS NO PLAN PRIMEIRA RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 NO QUE SE

INCLÚE O PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 0906 DO P.K. 20,55 AO 23,60 (BETANZOS).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Dar por cumprida a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para executar as obras incluídas no proxecto AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 0906 DO P.K. 20,55 A 23,60 (BETANZOS)

2.- Desestimar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados.

Formúlanse cuestións que no seu caso deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente expropiatorio (levantamento de actas previas, bens afectados) e polo que respecta á modificación de aliñamentos e trazados procede a súa desestimación por ser extemporánea e ademais porque tecnicamente queda xustificada a mellor adecuación do proxecto aprobado por esta Deputación provincial, por axustarse á normativa de accesibilidade de minusválidos.

3.- Ratificar a solicitude de declaración de “urxente ocupación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tales como:

- a existencia de gran cantidade de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada. Como norma xeral reducíronse aliñamentos e ampliando o radio mínimo a 80 metros. Todo isto tendo en conta as dificultades orográficas do terreo.

- o estado do firme da estrada.

- o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, sendo o ancho medio da calzada de 5,45 metros e cunha carencia case xeral de beiravías. Proxéctase un ancho de calzada de 7 metros (2 carrís de 3,50) e beiravías de 1 m. cada un.

- a intensidade media do tráfico que aumentou nos últimos anos.

- a existencia de camiños e estradas que acceden con interseccións mal acondicionadas e perigosas. Acondicionarán coa fin de dotalas de maior visibilidade.

- Proporcionar maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos, tendo en conta que había unha carencia case total de beiravías e se proxectan beiravías de 1 metro cada un.

Todo isto coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

13.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEAN LUGAR AS OBRAS INCLUÍDAS NOS PROXECTOS INCLUÍDOS NO PLAN PRIMEIRA RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 AMPLIACIÓN E

MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 0106 DE AMEÁS A OZA DOS RÍOS TRAMO P.K. 8,600 AO 14,700 (ABEGONDO E OZA DOS RÍOS).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Dar por cumprida a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para executar as obras incluídas no proxecto AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 0106 DE AMEAS A OZA DOS RÍOS TRAMO PK. 8,600 A 14,700 (ABEGONDO E OZA DOS RÍOS)

2.- Desestimar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados.

Formúlanse cuestións que no seu caso deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente expropiatorio (levantamento de actas previas, bens afectados) e polo que respecta á modificación de aliñamentos e trazados procede a súa desestimación por ser extemporánea e ademais porque tecnicamente queda xustificada a mellor adecuación do proxecto aprobado por esta Deputación provincial, por axustarse á normativa de accesibilidade de minusválidos.

3.- Ratificar a solicitude de declaración de “urxente ocupación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tales como:

- a existencia de gran cantidade de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada. Como norma xeral reducíronse aliñamentos e ampliando o radio mínimo a 80 metros.

- o estado do firme da estrada.

- o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, sendo o ancho medio da calzada de 5,45 metros e cunha carencia case xeral de beiravías. Proxéctase un ancho de calzada de 7 metros (2 carrís de 3,50) e beiravías de 1 m. cada un.

- a intensidade media do tráfico que aumentou nos últimos anos, e soporta unha intensidade media diaria de 991 vehículos cun 15,1% de pesados.

- a existencia de camiños e estradas que acceden con interseccións mal acondicionadas e perigosas. Acondicionarán coa fin de dotalas de maior visibilidade.

- Proporcionar maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos, tendo en conta que había unha carencia case total de beiravías e se proxectan beiravías de 1 metro cada un.

Todo isto coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

14.- APROBACIÓN TÉCNICA DOS PROXECTOS QUE INTEGRARÁ A SÉTIMA RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 DE ACORDO CO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 DAS OBRAS DE ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA E.P. 0603 DE BOIMORTO AO ORXAL POLA MOTA, P.K. 1,300 AO 10,400 (BOIMORTO E ARZÚA), AMPLIACIÓN E MELLORA DA

PLATAFORMA PEONIL NA E.P. 5303 DE MUROS A LOURO, P.K. 1,150 AO 3,150 (MUROS) E ENSANCHE E MELLORA DO TRAZADO E AFIRMADO DA E.P. 1707 DE OLEIROS A PRAVIO, P.K. 0,000 AO 1,500.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar tecnicamente os proxectos que integrarán a sétima relación do Plan de vías provinciais 2006-2008 de acordo co Programa de investimento de vías provinciais 2006-2008 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión plenaria celebrada o 30 de xuño de 2005. A citada aprobación condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente e á súa aprobación definitiva.

TÍTULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA	ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMÓN. (PREVISIÓN PARA EXPROPIACIÓNS)
ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA E.P. 0603 DE BOIMORTO AO ORXAL POLA MOTA PK. 1,300 A 10,400 (BOIMORTO E ARZÚA)	1.608.890,91	609.368,46
AMPLIACIÓN E MELLORA DA PLATAFORMA CON PLATAFORMA PEONIL NA E.P. 5303 DE MUROS A LOURO PK. 1,150 A 3,150 (MUROS)	702.002,62	235.773,37
ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA E.P. 1707 DE OLEIROS A PRAVIO PK. 0,000 A 1,500	379.689,56	29.120,33
TOTAL	2.690.583,09	874.262,16

2.- Expoñer ao público os proxectos da sétima relación do Plan de vías provinciais 2006-2008 mediante anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Solicitarlle á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellaría da Presidencia e en base aos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tales como que:

TÍTULO DO PROXECTO	RAZÓNS QUE MOTIVAN A URXENTE OCUPACIÓN
ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA E.P. 0603 DE BOIMORTO AO ORXAL POLA MOTA PK. 1,300 A 10,400 (BOIMORTO E ARZÚA)	<ul style="list-style-type: none"> - A renovación da estrada suporá unha importante mellora para a rede viaria local da zona, mellorando en gran medida a comunicación entre os núcleos de Boimorto, Gándara e a localidade de Pontecarreira (a máis poboada do municipio de Frades), constituíndo a principal vía de acceso á zona oeste do propio municipio de Boimorto. - O tramo actual discorre basicamente pola divisoria de augas entre as concas dos ríos Tambre ao norte e Ulla, polo que se trazado atravesa unha zona amesetada que en xeral ten pouca pendente e na que abundan os tramos rectos. - O ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, é bastante escaso, cunha calzada en torno aos 5 metros, sen liñas horizontais nin separación de carrís. Proxéctase un ancho de dous carrís de 3,5 metros, beiravías de 1 metro e gabias de 1 metro de ancho. Nas inmediacións da ermida da Mota a sección da estrada reducirase e presentará 3 carrís de 3 metros de ancho e beiravías de 0,5 metros. -A estrada discorre por zonas acusadamente rurais. Débese ter en conta que discorre por zonas onde se realizou recentemente a concentración parcelaria polo que hai moitas interseccións, actuando como vía colectora que comunica coas pistas de concentración ás aldeas do contorno e ás diferentes explotacións gandeiras. -A estrada atravesa diversas entidades de poboación, se ben ningunha delas conforma unha travesía de certa entidade: Cardeiro, Brates, Sendelle e Mercurín (Boimorto) e Campo (Arzúa) - Co novo trazado preténdese proporcionar maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos, todo isto tendo en conta que a estrada transcorre polas zonas poboadas e con accesos por ambas bandas ás pistas de parcelaria e ás explotacións gandeiras. - A intensidade media do tráfico que aumentou nos últimos anos. - Proporcionar maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos.
AMPLIACIÓN E MELLORA DA	- Esta estrada comunica a capital municipal, Muros, coa importante localidade turística de Louro. Discorre paralela á AC 550 e supón un itinerario alternativo a esta última estrada.

<p>PLATAFORMA CON PLATAFORMA PEONIL NA E.P. 5303 DE MUROS A LOURO PK. 1,150 A 3,150 (MUROS)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Ten un importante tránsito peonil ao ter magníficas vistas da ría e menos tránsito que AC 550. - O ancho da calzada é escaso (4,5 metros) e o trazado sinuoso fai perigoso o tránsito peonil, polo que resulta moi necesario dispoñer dunha zona peonil onde se poida circular separadamente dos vehículos. Proxéctanse dous carrís de 3,2 metros de ancho en todo o trazado, unha beiravía á esquerda de 0,3 metros e a continuación deste unha plataforma peonil de 1,8 metros de ancho que permitirá un tránsito de peóns seguro e de maneira independente ao tráfico rodado, separado por un bordo. - Proxéctase a construción de aparcadoiros en liña de 3 metros de ancho en varios puntos. - Proxéctase a construción dun miradoiro e a reposición do miradoiro existente. - O mal estado do firme da estrada. - A intensidade media do tráfico que aumentou nos últimos anos. - Proporcionar maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos. - A existencia de camiños e estradas que acceden con interseccións mal acondicionadas e perigosas. Acondicionarse coa fin de dotalas de maior visibilidade.
<p>ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA E.P. 1707 DE OLEIROS A PRAVIO PK. 0,000 A 1,500 (OLEIROS)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - A renovación desta estrada suporá unha importante mellora na comunicación dos núcleos de Oleiros a Pravio. Servirá ademais de nexo de comunicación entre os distintos núcleos de poboación que se localizan ao sur-leste de Oleiros. Ademais a mellora desta estrada axudará ao desenvolvemento do parque empresarial de Iñas que se situará na parte final do tramo obxecto deste proxecto. - O tramo non é demasiado sinuoso, polo que a mellora de trazado se limitará a zonas puntuais, o cal resulta complicado dado o gran número de casas a ambas marxes. - Todo o tramo dispón de carrís de 3 metros e até o P.K. 0,150 beiravías en ambas marxes nunca inferiores a 0,5 metros. Dende o P.K. 0,150 ao final non hai beiravías en ningunha das marxes. - Entre os P.K. 0,000 ao 0,415 proxéctanse dous carrís de 3 metros de ancho, con beiravías de 0,5 metros e beirarrúas a ambos lados de 1,5 metros. A partir do P.K. 0,415 a sección está formada por carrís de 3 metros de ancho, beiravía dereito de 0,5 metros (xa existe unha beirarrúa nesta marxe) e beiravía esquerda de 1 metro. - O estado do firme da estrada - A intensidade media de tráfico que aumentou nos últimos anos. - A existencia de camiños e estradas que acceden con interseccións mal acondicionadas e perigosas. Acondicionanse coa fin de dotalas de maior visibilidade. - Proporcionar maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos.

Todo isto coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

A remisión do expediente da solicitude de urxente ocupación quedará condicionada á existencia do crédito adecuado e suficiente.

4.- Someter a información pública os referidos expedientes expropiatorios mediante publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producisen.”

15.- DESESTIMACIÓN DA ALEGACIÓN, REFERENTE Á APROBACIÓN DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 DA OBRA CONSTRUCIÓN DA VARIANTE ENTRE O P.K. 1,750 E O P.K. 2,450 DA E.P. 9302 DE CAXADAS A BAÍÑAS (VIMIANZO).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Desestimar a alegación formulada referente a aprobación do Programa de investimentos de vías provinciais 2006-2008 da obra construción da variante entre o P.K. 1,750 e o P.K. 2,450 da E.P. 9302 de Caxadas a Baíñas (Vimianzo).”

16.- AXUDAS AOS CONCELLOS PARA O MANTEMENTO DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE INTERVENCIÓN RÁPIDA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Conceder unha axuda aos concellos de: Arteixo, Arzúa, Betanzos, Boiro, Boqueixón, Brión, Carballo, Cee, Miño, Noia, Ordes, Ortigueira, As Pontes, Ribeira, Santa Comba

e Vimianzo, para o sostemento dun Grupo Municipal de Intervención Rápida por unha contía de 25.000,- euros por concello, e polo tanto un total de 400.000,- euros.

Con respecto aos 20.000,- euros restantes por concello, o que supón un total para os 16 de 320.000,- euros financiarase, no seu caso, sempre que se produza o aumento da partida con cargo ao oportuno expediente de modificación de créditos.

Os concellos deberán xustificar a subvención mediante certificación dos gastos totais realizados, deducíndose destes as cantidades percibidas pola Consellería de Familia para tal fin e, sé é o caso, por calquera outra administración pública ou privada.

Así mesmo deberán estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e autorizaráselle á Deputación para que poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesouraría da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das subvencións.

O gasto total certificado deberá ser superior ou igual ás cantidades concedidas aos concellos para tal fin pola Deputación, Consellería de Familia ou por calquera outra administración pública ou privada, no caso de que a cantidade xustificada non acade a suma dos importes percibidos, aboarase a diferenza do percibido e o efectivamente gastado, e no caso de sobrepasar esa cifra a Deputación aboará como máximo a cantidade concedida.

A formalización da axuda levarase a cabo mediante un convenio, o que deberá ser aprobado polo Pleno da Corporación, logo do informe previo de Patrimonio e Contratación e Intervención provincial, unha vez aumentada a partida e aprobada a totalidade da subvención.”

17.- MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA FUNDACIÓN QUE XESTIONA A AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA (FAEPAC)

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1.- Acordar a modificación dos artigos 12, 22 e 27 dos Estatutos da Fundación que xestiona a Axencia Enerxética Provincial FAEPAC que quedan incorporados na súa redacción modificada no presente acordo:

“Art. 12.- Composición do Padroado e nomeamento e substitución de patróns.

1. Poderán ser membros do Padroado as persoas físicas que teñan plena capacidade de obrar e non estean inhabilitadas para o exercicio de cargos públicos. As persoas xurídicas poderán formar parte do Padroado, tras a designación da persoa/ s físicas que as representen. O Padroado quedará composto por un mínimo de 10 membros e un máximo de 26.

Son patróns natos pola súa condición de fundadores:

- 4 representantes da Deputación da Coruña
- 1 representante do Concello das Pontes de García Rodríguez
- 1 representante do Concello de Cerceda
- 2 representantes do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)
- 1 representante de Unión Fenosa
- 1 representante de Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA)
- 2 representantes de Caixanova
- 2 representantes de Caixa Galicia
- 1 representante de Endesa
- 1 representante de Alarde
- 1 representante da Fundación para a Orientación Profesional, Emprego e Formación en Galicia (Forga)

Son patróns electivos, designados polos anteriores:

- 1 representante da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia
- 1 representante da Universidade da Coruña
- 1 representante da Universidade de Santiago de Compostela
- 1 representante de Unión de Consumidores de Galicia

2. O nomeamento dos patróns, tanto para completar o número máximo de membros, como para cubrir as vacantes que se produzan será competencia do Padroado. As entidades designarán a/as persoas físicas que os representen. O prazo para cubrir vacantes será de dous meses desde que se produza a vacante.

Art. 22.- Forma de deliberar e tomar os acordos O Padroado quedará validamente constituído cando concorran, polo menos, a metade máis un dos seus membros, e en todo caso o presidente ou vicepresidente e o secretario. Cada membro, poderá delegar en calquera dos restantes mediante comunicación escrita ao presidente, con carácter especial para cada reunión. Para os efectos de cómputo, terase en conta o número de patróns presentes ou representados por outros patróns con delegación de voto por escrito para esa sesión específica.

Os acordos do Padroado serán inmediatamente executivos e aprobaranse por maioría de votos dos presentes (incluíndo os votos dos representados). No caso de votacións con resultado de empate, efectuarase unha nova votación, e se persiste o empate decidirá o voto de calidade do presidente.

NOME
DEPUTACIÓN

Nº VOTOS
4

CERCEDA	1
AS PONTES	1
UNIVER. DA CORUÑA	1
UNIVER.DE SANTIAGO	1
SOGAMA	1
UNIÓN FENOSA	1
INEGA	2
DX INDUSTRIA, ENERXÍA E MINAS	1
CAIXANOVA	2
CAIXA GALICIA	2
ENDESA	1
FORGA	1
ALARDE	1
UNIÓN DE CONSUMIDORES DE GALICIA	1
TOTAL	21

Requirirase o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Padroado para aprobar acordos que se refiran a: reforma ou modificación dos estatutos, determinación do número de patróns da fundación, designación de novos patróns e cargos no Padroado, cesamento de patróns e cargos con causa legal ou estatutaria, alleamento e gravame dos bens integrantes do seu patrimonio, fusión e extinción da Fundación.

Das reunións do Padroado o secretario redactará a correspondente acta, que deberá ser subscrita por todos os membros presentes e aprobada na mesma ou seguinte reunión. Unha vez aprobada, transcribirase no correspondente libro de actas e será asinada polo secretario co visto e prace do presidente.

Art. 27.- Dotación patrimonial da Fundación

A dotación patrimonial da Fundación estará integrada por todos os bens e dereitos que constitúen a dotación inicial da Fundación, e por aqueles outros que no sucesivo se acheguen a esta con ese carácter.

NOME	% FUNDACIÓN	ACHEGA
DEPUTACIÓN	23,31	6.993,01
CERCEDA	5,83	1.748,25 €
AS PONTES	5,83	1.748,25 €
SOGAMA	5,83	1.748,25 €
UNIÓN FENOSA	4,20	1.258,74 €
INEGA	17,95	5.384,62 €
CAIXANOVA	10,49	3.146,85 €
CAIXA GALICIA	10,49	3.146,85 €
ENDESA	6,99	2.097,90 €
FORGA	2,10	629,37 €
ALARDE	6,99	2.097,90 €
TOTAL	100,00	30.000,00 €

Público	52,91
Privado	47,09

A dotación fundacional deberá estar totalmente desembolsada no momento de constituírse a Fundación.”

2.- Coa modificación incorporada nos artigos anteditos a redacción definitiva dos estatutos modificados queda como segue:

ESTATUTOS DA FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA (FAEPAC)

TÍTULO PRIMEIRO

DISPOSICIÓNS XERAIS

Art. 1.- Denominación e natureza

Coa denominación de "Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña" (FAEPAC), constitútese unha organización de natureza fundacional, sen ánimo de lucro, onde o seu patrimonio está afectado, de forma duradeira, á realización dos fins de interese xeral que se detallan no artigo 6 dos estatutos.

Art. 2.- Personalidade e capacidade

A Fundación constituída, unha vez inscrita no Rexistro de Fundacións, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade para obrar, e poderá realizar, en consecuencia, todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico. En consecuencia, pode, con carácter enunciativo e non limitativo, adquirir, conservar, posuír, dispor, allear por calquera medio e gravar toda clase de bens, mobles ou inmobles, e dereitos; realizar todo tipo de actos e contratos; e transixir e acudir á vía gobernativa ou xudicial exercitando toda clase de accións e excepcións perante xulgados, tribunais e organismos públicos e privados, así como realizar aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade fundacional.

Art. 3.- Réxime

A Fundación rexerese pola Lei 50/2002, do 26 de decembro que regula as fundacións e pola Lei galega de fundacións (Lei 7/1983, do 22 de xuño que regula o réxime das fundacións de interese galego modificada pola Lei 11/1991 do 8 de novembro), así como as demais disposicións legais vixentes, pola vontade dos fundadores manifestada nestes Estatutos e polas normas e disposicións que, en interpretación e desenvolvemento deles, estableceza o Padroado. Toda a actividade contractual que

xestione a Fundación realizárase de conformidade coa Lei de contratos das administracións públicas e demais normas de aplicación.

Art. 4.- Nacionalidade e domicilio

A Fundación que se crea ten nacionalidade española. O domicilio da Fundación radicará na Casa da Enerxía do Concello das Pontes de García Rodríguez, cunha delegación no Concello de Cerceda; poderanse establecer centros de traballo en calquera outro lugar da provincia da Coruña. O Padroado poderá promover o cambio de domicilio, mediante a oportuna modificación estatutaria, con inmediata comunicación ao Protectorado, na forma prevista na lexislación vixente.

Art. 5.- Ámbito de actuación e duración

A Fundación desenvolverá as súas actividades en todo o territorio da provincia da Coruña .

A Fundación ten vocación de permanencia e a súa duración será indefinida . Non obstante, se nalgún momento as fins propias da Fundación se estiman cumpridas ou debeñan de imposible cumprimento, o Padroado poderá acordar dála por extinguida, conforme ao disposto nos Estatutos e na normativa que resulte de aplicación.

TÍTULO SEGUNDO

FINS DA FUNDACIÓN E REGRAS BÁSICAS PARA A DETERMINACIÓN DE BENEFICIARIOS E A APLICACIÓN DOS RECURSOS AO CUMPRIMENTO DAS FINS FUNDACIONAIS

Art. 6.- Fins

A Fundación ten como fin principal a mellora e o aproveitamento dos recursos enerxéticos provinciais, así como a sensibilización das autoridades locais, as empresas e os cidadáns sobre a escaseza de recursos enerxéticos . Ademais, ten as seguintes fins:

- a) incentivar a difusión do uso racional da enerxía, dos recursos enerxéticos locais e das fontes renovables nos sectores de :
 - produción de bens e servizos (PEME e Industria), en colaboración co INEGA
 - administración pública, en colaboración co INEGA.
 - sector doméstico
- b) favorecer a diversificación, información e utilización óptimas das enerxías renovables.
- c) Mellorar a seguridade enerxética.
- d) Promover e manter o aforro enerxético.
- e) Favorecer a integración dos obxectivos enerxéticos nos sectores ambientais e nos sectores produtivos locais.
- f) Protexer o medio natural e reducir o impacto da polución e uso da tecnoloxía.
- g) Reforzar e favorecer a investigación tecnolóxica sobre a enerxía.

Art. 7.- Actividades fundacionais

A Fundación, para a consecución das súas fins, pode realizar as seguintes actividades:

- a) realización de estudos de planificación e programación para establecer un plan de actuación enerxética a nivel provincial.
- b) favorecer a información ao público sobre a enerxía en xeral e formación sobre programas específicos de optimización e racionalización enerxéticos.
- c) promover as actividades de certificación e de diagnose enerxética nos edificios e as industrias.
- d) fomentar a participación dos axentes locais en actuacións destinadas o uso racional da enerxía.
- e) fomentar a creación de axencias locais de enerxía.
- f) fomentar o aforro da enerxía mediante a explotación eficiente dos recursos e do uso de tecnoloxías limpas.
- g) impulsar a implantación de instalacións de enerxía renovable a través da investigación e transferencia de coñecementos e experiencias.
- h) asesoramento tecnolóxico e económico no deseño e realización de estudos e investimentos en instalacións e infraestrutura enerxética.
- i) realización de cantas actividades conexas ou complementarias das anteriores resulten necesarias para a súa maior eficacia.

Art. 8.- Liberdade de actuación

O Padroado terá plena liberdade para determinar as actividades da Fundación, tendentes á consecución daqueles obxectivos concretos que, a xuízo de aquel e dentro do cumprimento das súas fins, sexan as máis axeitadas ou convenientes en cada momento.

Art. 9.- Determinación dos beneficiarios

Serán beneficiarios das fins da Fundación os seguintes: os concellos da provincia da Coruña, con prioridade os de menor capacidade económica e de xestión; colectivos de persoas físicas e xurídicas singularizadas que persigan fins de interese xeral, incluídas no ámbito determinado das fins e obxectivos contemplados nos presentes estatutos, que utilicen a enerxía e polo tanto poidan beneficiarse de conseguir o seu mellor e máis racional uso. Así mesmo, tamén serán beneficiarios os centros de ensino xeral, e as universidades en particular, xa que polo seu labor formativo constitúen un punto de achegamento fundamental á sociedade. O Padroado determinará os beneficiarios das actividades fundacionais de acordo cos seguintes criterios: publicidade, concorrencia e obxectividade. Para os efectos de que teñan coñecemento da actuación da Fundación, esta realizará unha difusión o máis ampla posible dos seus obxectivos.

Art. 10.- Destino das rendas e ingresos

1. A realización das fins fundacionais deberá ser destinada, polo menos, o oitenta por cento dos resultados das explotacións económicas que se desenvolvan e dos ingresos que se obteñan por calquera outro concepto, deducidos os gastos realizados para a súa obtención, o resto deberao destinar a incrementar a dotación fundacional ou as reservas segundo acordo do Padroado.

2. A Fundación poderá facer efectiva esta obriga no período comprendido entre o inicio do exercicio no que se obteñan os resultados e ingresos e os catro anos seguintes ao peche do dito exercicio.

TÍTULO TERCEIRO

PADROADO

Art. 11.- Natureza

O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación que executará as funcións que lle corresponden, con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nos presentes Estatutos.

Art. 12.- Composición do Padroado e nomeamento e substitución de patróns

1. Poderán ser membros do Padroado as persoas físicas que teñan plena capacidade de obrar e non estean inhabilitadas para o exercicio de cargos públicos. As persoas xurídicas poderán formar parte do Padroado, tras a designación da persoa/ s físicas que as representen. O Padroado quedará composto por un mínimo de 10 membros e un máximo de 26.

Son patróns natos pola súa condición de fundadores:

- 4 representantes da Deputación da Coruña
- 1 representante do Concello das Pontes
- 1 representante do Concello de Cerceda
- 2 representantes do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)
- 1 representante de Unión Fenosa
- 1 representante da Sociedade Galega do Medio Ambiente, SA (SOGAMA)
- 2 representantes de Caixanova
- 2 representantes de Caixa Galicia
- 1 representante de Endesa
- 1 representante de Alarde
- 1 representante da Fundación para a Orientación Profesional, Emprego e Formación en Galicia (Forga)

Son patróns electivos, designados polos anteriores:

- 1 representante da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia
- 1 representante da Universidade da Coruña

- 1 representante da Universidade de Santiago de Compostela
- 1 representante da Unión de Consumidores de Galicia

2. O nomeamento dos patróns, tanto para completar o número máximo de membros, como para cubrir as vacantes que se produzan será competencia do Padroado. As entidades designarán a/as persoas físicas que os representen. O prazo para cubrir vacantes será de dous meses desde que se produza a vacante.

Art. 13.- Duración do mandato

Os patróns electivos desempeñarán as súas funcións durante 3 anos, poderán ser reelixidos ou non un número indefinido de veces por acordo dos fundadores. Os acordos para a designación dos patróns requírese que sexan aprobados pola metade máis un dos membros do Padroado.

Art. 14.- Aceptación do cargo de patrón

Os patróns entrarán a exercer as súas funcións despois de aceptar expresamente o cargo en documento público, en documento privado con sinatura lexitimada por notario ou na forma disposta na lexislación vixente. Igualmente, poderase aceptar o cargo perante o Padroado, acreditándose a través de certificación expedida polo secretario, con sinatura lexitimada notarialmente. En todo caso, a aceptación comunicaráse formalmente o Protectorado e inscribírase no Rexistro de Fundacións. A solicitude deberá ir acompañada da certificación do acordo adoptado polo máximo órgano da entidade, de seren para persoas xurídicas, e na mesma expresarase a vontade de adhesión e o sometemento a estes estatutos e ás normas que os desenvolven, así como as demais disposicións aplicables, co compromiso expreso de asumir os dereitos e as obrigas que de todos eles se deriven.

Art. 15.- Cesamento de patróns

1. O cesamento dos patróns da Fundación producirase nos supostos seguintes: por morte ou declaración de falecemento, así como pola extinción da persoa xurídica; renuncia comunicada coas debidas formalidades; por incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido na lei; por cesamento no cargo por razón da cal foron nomeados membros do Padroado; por resolución xudicial; polo transcurso do período do seu mandato, se foron nomeados por un determinado tempo.

2. A renuncia poderase levar a cabo por calquera dos medios e mediante os trámites previstos para a aceptación do cargo de patrón. O cesamento dos patróns será comunicado o protectorado e inscrito no rexistro de Fundacións.

Art. 16.- Organización do Padroado

Designarase, entre os membros do Padroado, un presidente e un vicepresidente. O secretario, non será membro do Padroado, e terá voz e non voto. Así mesmo, o Padroado poderá nomear, como órgano asesor, un auditor interno por proposta do presidente, nos termos dispostos no artigo 18 dos presentes estatutos.

Art. 17.- O presidente

Ao presidente correspóndelle ostentar a representación da Fundación diante de toda clase de persoas, autoridades e entidades públicas ou privadas; convocará as reunións do Padroado, presidiráas, dirixirá os seus debates e, no seu caso, executará os acordos, para iso poderá realizar toda clase de actos e asinar aqueles documentos necesarios para tal fin, poderá delegar as súas funcións no vicepresidente da Fundación. O presidente da Fundación, será o presidente da Deputación da Coruña. A duración do seu mandato será a mesma e coincidirá no tempo coa dos restantes membros do Padroado.

O presidente realizará as seguintes funcións:

- Convocar, presidir e redactar as sesións do Padroado da Fundación e tomar as decisións necesarias .
- Dirixir os debates que xurdan nelas, determinar a orde do día das convocatorias, manter as relacións cotiás con organismos e entidades implicadas nos posibles programas que se han executar.
- Ordenar a publicación dos acordos da Axencia e asignar as actas das sesións , xunto co secretario así como as certificacións de testemuña que o secretario expida.
- Supervisar todos os grupos de traballo e levar a relación cotiá coa Dirección da Fundación.
- Estará encargado do funcionamento do Padroado e velará pola execución das conclusións tomadas por este.
- Exercer o voto de calidade na toma de decisións cando sexa necesario para dirimir empates.
- Exercer a dirección superior do persoal e, despois da autorización previa do Padroado, da súa contratación.
- Exercer accións xudiciais e administrativas en caso de urxencia, dando conta ao padroado na inmediata sesión que se celebre.
- Supervisar todas as actuacións e servizos prestados pola Fundación.
- Render as contas anuais e someter á aprobación do Padroado o orzamento anual de ingresos e gastos por proposta do director. Autorizar, dispoñer, recoñecer obrigas e ordenar pagos, así como contratar obras, servizos e subministracións por proposta do director e dentro dos límites fixados polo Padroado. Asinar contratos e convenios en representación da Fundación, dando conta ao Padroado na inmediata sesión que se celebre.
- Desempeñar calquera outra función de interese para a execución do establecido nos Estatutos, que de non estar atribuído, por especiais circunstancias ou por urxencia deba asumir.

B) O vicepresidente

Corresponderalle ao vicepresidente realizar as funcións do presidente nos casos de estar vacante o posto por ausencia ou enfermidade ou delegación do presidente, poderá actuar tamén en representación da Fundación, naqueles supostos que así se determine por acordo do Padroado. O vicepresidente será o presidente da Comisión de Promoción Económica da Deputación da Coruña ou o deputado provincial que designe o Pleno da Deputación Provincial da Coruña.

Art. 18.- ÓRGANOS DE XESTIÓN E ASESORAMENTO DA FUNDACIÓN

A) O director

Será seleccionado con base nos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade e a súa relación laboral coa Axencia será a de carácter especial do persoal de alta dirección. A indemnización pola extinción do contrato de traballo por vontade da Fundación non poderá ser dunha contía superior á expresamente fixada pola lexislación laboral vixente para o suposto de falta de pacto e quedará prohibida a consignación de calquera cláusula de blindaxe do contrato.

Será o encargado de supervisar o día a día da Axencia e o seu funcionamento. Así mesmo, será o responsable do sistema de información contable e orzamentaria. Poderá autorizar, dispoñer, recoñecer obrigas e ordenar pagamentos, así como contratar obras, servizos e subministracións dentro dos límites fixados polo Padroado. O director representará administrativamente á Fundación na súa xestión ordinaria con respecto aos axentes tanto públicos como privados implicados no cumprimento das fins da Fundación e promoverá os traballos necesarios para iso. Finalmente, será o encargado de informar directamente ao presidente e ao Padroado.

Entre as súas principais tarefas cabe ademais sinalar as seguintes:

- a) Motivar e dirixir o equipo de traballo.
- b) Poñer en marcha os plans de actuación e asegurar o bo funcionamento e o seguimento deles, asegurar o rigor administrativo no funcionamento da axencia, propoñer os procedementos de xestión, exercer o control no cumprimento dos obxectivos, formar o documento orzamentario, os estados e contas anuais e a liquidación do presuposto e responsabilizarse da captación de recursos alleos.
- c) Coordinar a elaboración de informes técnicos e económicos.
- d) Realizar propostas de contratos de servizos externos, que se someterán á aprobación do presidente.
- e) Estabelecer un consenso activo coas entidades públicas e privadas implicadas no Padroado.
- f) Informar ao Padroado.
- g) Participar nas reunións do Padroado con voz pero sen voto.

h) Materialización dos pagamentos e manexo e custodia dos fondos da Fundación, para o que poderá abrir contas en entidades bancarias, coa sinatura mancomunada do presidente e director.

i) Calquera outra que lle encargue o Padroado ou o seu presidente.

B) O secretario

Actuará como secretario, o xefe de Servizo de Promoción Económica da Deputación Provincial da Coruña , que acudirá ás xuntanzas do Padroado e terá voz pero non voto nas xuntanzas do Padroado .

Son funcións do secretario a custodia de toda a documentación pertencente á Fundación, redactar as actas correspondentes ás reunións do Padroado, expedir as certificacións e emitir os informes que sexan necesarios e, todas aquelas que expresamente lle deleguen. Nos casos de enfermidade, ausencia ou estar vacante o posto, fará as funcións de secretario a persoa que legalmente o substitúa.

C) O auditor interno

Asistirá tamén ás reunións do Padroado, con voz pero sen voto, como auditor interno o viceinterventor da Deputación Provincial da Coruña ou a persoa quen legalmente o substitúa. Desenvolverá o seu labor para posibilitar cunha seguridade razoable o cumprimento dos seguintes obxectivos:

- a) A efectividade e eficacia das operacións.
- b) A fiabilidade dos informes financeiros.
- c) O respecto das leis e demais normativa aplicable e especialmente da regulamentadora do persoal, contratación de bens, obras, subministracións e servizos e contable.

Para tal fin, terá as seguintes atribucións:

- a) Actuar con independencia de criterio e de acción verbo dos restantes órganos da Fundación para o cumprimento dos seus obxectivos e o desenvolvemento das súas funcións.
- b) Desenvolver o seu cometido en calquera área ou actividade, de conformidade cun plan anual previamente establecido e aprobado, ou por instrucións expresas do presidente ou do Padroado.
- c) Acceder libremente en calquera intre aos rexistros, arquivos e documentos da Fundación e, en xeral, a todas as fontes de información dela.
- d) Recibir todas as normas e instrucións escritas relativas ao funcionamento da Fundación que sexan de obrigado cumprimento.
- e) Colaborar cos diferentes órganos da Fundación na implantación dos sistemas e procedementos dirixidos a obter unha meirande eficacia das prácticas de xestión.
- f) Esixir o cumprimento das normas e instrucións fixadas pola Fundación e das recomendacións de auditoría aceptadas.

g) Solicitar a colaboración necesaria de calquera órgano ou persoa da Fundación para acadar os seus obxectivos. No caso de que os seus medios non sexan dabondo para o desenvolvemento do seu labor poderá dispoñer da colaboración dos recursos materias e humanos da Deputación da Coruña ou ben de empresas privadas de auditoría.

D) Outro persoal

A Fundación disporá do persoal necesario para o cumprimento das súas fins. Todo o persoal estará sometido ao réxime laboral, e en todo caso, cesará a súa relación laboral con motivo da extinción da Fundación, previsión que deberá ser incorporada nos seus respectivos contratos nos que constarán as indemnizacións que procedan conforme á lexislación laboral vixente, e quedará prohibida a consignación de calquera cláusula de blindaxe do contrato. A contratación do persoal realizarase con base nos seguintes principios: igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

Art. 19. Entidades colaboradoras

Son aquelas entidades que colaboran activamente no desenvolvemento do obxecto fundacional mediante a contribución material de tipo financeiro e/ou persoal. Estas persoas ou entidades poderán ser recoñecidas por acordo maioritario do Padroado e poderán ser designadas como membros dos Comités de traballo que se constitúan. A designación será acordada por acordo maioritario de Padroado.

Art. 20.- Facultades do Padroado

A súa competencia estendese a resolver as incidencias de todo o que atinxe ao goberno, representación e administración da Fundación, así como á interpretación e modificación dos presentes Estatutos. Con independencia das funcións que lle outorgan os presentes Estatutos, e sen prexuízo de solicitar as preceptivas autorizacións ao Protectorado, a título simplemente enunciativo, serán facultades do Padroado:

- a. Exercer a alta dirección, inspección, vixilancia e orientación do labor da Fundación.
- b. Interpretar e desenvolver, no seu caso, coa oportuna normativa complementaria os Estatutos fundacionais e adoptar acordos sobre a súa modificación sempre que resulte conveniente para os intereses da Fundación e á mellor consecución das súas fins.
- c. Acordar a apertura e peche dos seus centros, oficinas e delegacións.
- d. Nomear apoderados xerais ou especiais, outorgar os poderes necesarios para levalos a cabo, así como a súa revogación.
- e. Designar os membros da Mesa de Contratación e da Comisión de selección de persoal.
- f. A adquisición e o alleamento de bens inmobles da Fundación, de conformidade cos principios establecidos na normativa de contratos das administracións públicas.
- g. Aprobar o orzamento e as contas anuais.

h. Aceptar doazóns cando comporten algunha condición ou modalidade onerosa, así como legados e herdanzas a beneficio de inventario, de conformidade coa normativa vixente.

i. Adoptar acordos sobre a fusión, extinción e liquidación da Fundación nos casos previstos pola lei.

j. Delegar as súas facultades nun ou máis patróns, sen que poidan ser obxecto de delegación a aprobación do plan de actuación, as contas anuais, a modificación dos Estatutos, a fusión e a liquidación da Fundación e aqueles actos que requiran a autorización do Protectorado.

Art. 21.- Reunións do Padroado e convocatoria

O Padroado reunirse, polo menos, dúas veces ao ano e tantas veces como sexa preciso para a boa marcha da Fundación. Correspóndelle ao presidente convocar as súas reunións, ben por iniciativa propia, ben cando o solicite un terzo dos seus membros. A convocatoria cursaraa o secretario e faraa chegar a cada un dos membros, polo menos, con cinco días de antelación á data da súa celebración, utilizando un medio que permita deixar constancia da súa recepción. Na convocatoria indicárase o lugar, día e hora de celebración da reunión, así como a orde do día. Non será preciso convocatoria previa cando se atopen presentes todos os patróns e acorden por unanimidade a celebración da reunión.

Art. 22.- Forma de deliberar e tomar os acordos

O Padroado quedará validamente constituído cando concorran, polo menos, a metade máis un dos seus membros, e en todo caso o presidente ou vicepresidente e o secretario. Cada membro, poderá delegar en calquera dos restantes mediante comunicación escrita ao presidente, con carácter especial para cada reunión. Para os efectos do cómputo, terase en conta o número de patróns presentes ou representados por outros patróns con delegación de voto por escrito para esa sesión específica. Os acordos do Padroado serán inmediatamente executivos e aprobaranse por maioría de votos dos presentes (incluídos os votos dos representados). No caso de votacións con resultado de empate, efectuarase unha nova votación, e se persiste o empate decidirá o voto de calidade do presidente.

NOME	Nº VOTOS
DEPUTACIÓN	4
CERCEDA	1
AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ	1
UNIVERSIDADE DA CORUÑA	1
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	1
SOGAMA	1
UNIÓN FENOSA	1
INEGA	2
DX DE INDUSTRIA, ENERXÍA E MINAS	1

CAIXANOVA	2
CAIXA GALICIA	2
ENDESA	1
FORGA	1
ALARDE	1
UNIÓN DE CONSUMIDORES DE GALICIA	1
TOTAL	21

Requirirase o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Padroado para aprobar acordos que se refiran a: reforma ou modificación dos Estatutos, determinación do número de patróns da Fundación, designación de novos patróns e cargos no Padroado, cesamento de patróns e cargos con causa legal ou estatutaria, alleamento e gravame dos bens integrantes do seu patrimonio, fusión e extinción da Fundación. Das reunións do Padroado o secretario redactará a correspondente acta, que deberá ser subscrita por todos os membros presentes e aprobada na mesma ou seguinte reunión. Unha vez aprobada, transcribírase no correspondente libro de actas e será asinada polo secretario co visto e prace do presidente.

Art. 23.- Obrigas do Padroado

Na súa actuación o Padroado deberá axustarse ao preceptuado na lexislación vixente e á vontade do fundador manifestada nestes Estatutos. Correspóndelle ao Padroado cumprir as fins fundacionais e administrar os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación, mantendo plenamente o seu rendemento e utilidade. O Padroado dará información suficiente das fins e actividades da Fundación, para que sexan coñecidas polos seus eventuais beneficiarios e demais interesados.

Art. 24.- Obrigas e responsabilidade dos patróns

Entre outras, son obrigas dos patróns facer que se cumpran as fins da Fundación, concorrer ás reunións ás que sexan convocados, desenvolver o cargo coa dilixencia dun representante leal, manter en bo estado de conservación e produción os bens e valores da Fundación, e cumprir nas súas actuacións co determinado nas disposicións legais vixentes e nos presentes Estatutos.

Os patróns responderán solidariamente fronte á Fundación dos danos e prexuízos que causen por actos contrarios á lei ou aos Estatutos ou polos realizados sen a dilixencia coa que deben desenvolver o cargo. Quedarán exentos de responsabilidade os que voten en contra do acordo, e os que proben que, non intervindo na súa adopción e execución, descoñecían a súa existencia ou, coñecéndoa, fixeron todo o conveniente para evitar o dano ou, polo menos, se opuxeron expresamente a aquel.

Art. 25.- Carácter gratuíto do cargo de patrón

Os patróns exercerán o seu cargo gratuitamente sen que en ningún caso poidan percibir retribución polo desenvolvemento da súa función. Os patróns terán dereito a seren

reembolsados dos gastos debidamente xustificados que o desenvolvemento da súa función lles ocasione.

TÍTULO CUARTO

RÉXIME ECONÓMICO

Art. 26.- Patrimonio fundacional

O patrimonio da Fundación pode estar integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica. Uns e outros deberán figurar a nome da Fundación e constar no seu Inventario, no Rexistro de Fundacións e nos demais Rexistros que corresponda.

Art. 27.- Dotación patrimonial da Fundación

A dotación patrimonial da Fundación estará integrada por todos os bens e dereitos que constitúen a dotación inicial da Fundación, e por aqueles outros que no sucesivo se acheguen a esta con ese carácter.

NOME	% FUNDACIÓN	ACHEGA
DEPUTACIÓN	23,31	6.993,01
CERCEDA	5,83	1.748,25 €
AS PONTES	5,83	1.748,25 €
SOGAMA	5,83	1.748,25 €
UNIÓN FENOSA	4,20	1.258,74 €
INEGA	17,95	5.384,62 €
CAIXANOVA	10,49	3.146,85 €
CAIXA GALICIA	10,49	3.146,85 €
ENDESA	6,99	2.097,90 €
FORGA	2,10	629,37 €
ALARDE	6,99	2.097,90 €
TOTAL	100,00	30.000,00 €
Público	52,91	
Privado	47,09	

A dotación fundacional deberá estar totalmente desembolsada no momento de constituírse a Fundación.

Art. 28.- Financiamento

A Fundación, para o desenvolvemento das súas actividades, financiarase cos recursos que proveñan do rendemento do seu patrimonio e, no seu caso, con aqueles outros procedentes das axudas, subvencións ou doazóns que reciba de persoas ou entidades,

tanto públicas como privadas. Mentres non sexan firmes estes compromisos de financiamento alleo non se poderá levar a cabo os gastos afectados.

Así mesmo, a Fundación poderá obter ingresos polas súas actividades, sempre que iso non implique unha limitación inxustificada do ámbito dos seus posibles beneficiarios. A Fundación só poderá concertar operacións de crédito por necesidades de tesourería por un período de amortización de capital e xuros inferior a un ano, e sempre que se destine o seu importe ás súas fins.

Art. 29.- Administración

Queda facultado o Padroado para facer as variacións necesarias na composición do patrimonio da Fundación, de conformidade co que aconselle a conxuntura económica de cada momento e sen prexuízo de solicitar a debida autorización ou facer a oportuna comunicación ao Protectorado.

Art. 30.- Orzamento, contas anuais e auditoría

O exercicio económico coincidirá co ano natural. O presidente, por proposta do director, someterá á aprobación do Padroado o orzamento anual de ingresos e gastos correspondente ao exercicio seguinte con anterioridade ao seu comezo e acompañado dun informe do auditor interno. Unha vez aprobado presentaráselle ao Protectorado para que poida formular as súas obxeccións e remitirase unha copia do definitivamente aprobado á Deputación da Coruña. A actividade contable da Fundación axustarase ás normas contable e ás esixencias da lexislación fiscal que sexan de aplicación. Os rexistros e comprobantes de contabilidade serán aqueles que, de acordo co volume do seu patrimonio e a natureza das súas actividades, sexan dabondo para garantir a veracidade dos datos contidos nos seus inventarios e presupostos. Cada ano, o presidente, por proposta do director, formulará un inventario-balance pechado a 31 de decembro que reflicta con claridade e exactitude a situación patrimonial da entidade nesa data, e unha memoria das actividades realizadas durante o ano e da xestión económica do patrimonio, suficiente para coñecer e xustificar o cumprimento da finalidade fundacional e dos preceptos legais de aplicación. Así mesmo, fará a liquidación do presuposto de ingresos e gastos do ano anterior. As contas anuais, que forman unha unidade, débense redactar con claridade e mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Fundación. Estas contas anuais que deberán ser aprobadas polo Padroado renderanse no prazo de seis meses desde o peche do exercicio e virán acompañadas do informe do auditor interno, se non estiveran sometidas a auditoría externa por esixencia legal, quen dispoñerá dun prazo mínimo dun mes contado desde a recepción das contas para facer o seu informe. As contas anuais e o seu informe, unha vez aprobadas polo Padroado, presentaráselle ao Protectorado e remitiráselle ás institucións que forman parte del no prazo devandito. As contas anuais someteranse a auditoría externa se a Fundación cumpre as circunstancias legalmente establecidas.

TÍTULO QUINTO

MODIFICACIÓN, FUSIÓN E EXTINCIÓN

Art.- 32.- Modificación de estatutos

1. Por acordo do Padroado, poderanse modificar os presentes Estatutos, sempre que resulte conveniente para os intereses da Fundación. Tal modificación acometerase cando as circunstancias que presidiron a constitución da Fundación varíen de maneira que esta non poida cumprir coas súas finalidades e actuar con celeridade e eficacia conforme cos seus Estatutos en vigor.
2. Para a adopción de acordos de modificación estatutaria, será preciso un quórum de votación favorable de, polo menos, a metade máis un dos membros do Padroado.
3. A modificación ou nova redacción dos Estatutos acordada polo Padroado será aprobada polo Protectorado antes de outorgar a escritura pública e posteriormente inscribírase no Rexistro de Fundacións

Art. 33.- Fusión con outra Fundación

O Padroado poderá decidir a fusión da Fundación con outra, logo do acordo previo concertado para o efecto con esta última.

O acordo de fusión deberase aprobar co voto favorable de, polo menos, a metade máis un dos membros do Padroado e comunicarllo ó Protectorado antes de outorgar a escritura pública e posteriormente inscribírase no Rexistro de Fundacións.

Art. 34.- Extinción da Fundación

A Fundación extinguírase polas causas, e de acordo cos procedementos establecidos pola lexislación vixente e en todo caso, se non se desembolsase nun prazo de dous anos a dotación adicional que se acordara.

Art. 35.- Liquidación e adxudicación do Haber

1. A extinción da Fundación determinará a apertura do procedemento de liquidación que realizará o Padroado baixo o control do Protectorado.
2. Os bens resultantes da liquidación destinaranse na súa totalidade aos entes públicos fundadores (Deputación Provincial, Concellos de Cerceda e As Pontes e Instituto Enerxético de Galicia) na proporción da súa achega no capital fundacional e sen ter en conta a dos particulares de conformidade co ordenado na lexislación vixente.”

Sen máis asuntos dos que tratar, remata a sesión, sendo as doce horas e dez minutos, procedéndose a redacta-la acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o Secretario, dou fe.